

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------|----------|---------------|
| 36000326 | CEIP Plurilingüe Montemogos | Bueu | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Proxecto competencial | 3º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 9 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 11 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 12 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 15 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 5º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Está realizada para Quinto Nivel de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Montemogos, Beluso (Bueu). O grupo ao que está destinada está formado por 7 alumnas e tres alumnos.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña un. Por tal motivo, o centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. O centro conta con comedor e transporte escolar, seguindo as pautas facilitadas no Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia así como no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 15 docentes, incluíndo ás profesoras de Educación Infantil, as profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación, é dicir, cóntase con: 3 mestras de Educación Infantil (unha delas cumpre tamén a función de xefa de estudos) e unha mestra de apoio; 6 titoras de Educación Primaria (unha delas cumpre tamén a función de directora); unha especialista de lingua inglesa que cumpre a función de secretaria, un especialista de música,

unha especialista de educación física, un mestre de relixión compartido con outro centro, unha orientadora compartida, unha mestra de Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Audición e Linguaxe compartida tamén con outro centro.

En canto ao alumnado que forma parte deste centro, os alumnos e alumnas que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de zonas próximas ao centro. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media. Trátase dun total de 113 alumnos e alumnas.

A lingua predominante no alumnos/as é o castelán, sendo competencia do centro que ao final da etapa acaden as competencias en ámbalas dúas linguas oficiais.

A área organízase en tres bloques:

Bloque 1: Definición de proxectos

Bloque 2: Execución de proxectos.

Bloque 3: Presentación de proxectos.

Relacionamos a área de Proxecto Competencial co Proxecto Documental Integrado que nace dende a biblioteca do centro. Este curso, o nome desde PDI é "EN XOGO!", un traballo de todo o centro que terá como tema central os deportes .

Nesta área, en cada trimestre, abordaremos un tema relacionado coas artes plásticas. No primeiro trimestre as tarefas propostas terán que coñecemento dun deporte; no segundo, práctica dos deportes; no terceiro, a alimentación saudable. Traballaremos conxuntamente toda a primaria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | ESTUDAMOS DEPORTES | Bloque 1: Escoller un deporte e investigar sobre o mesmo. Bloque 2: Elaborar un power point para realizar unha presentación. Bloque 3: Realizar a exposición a toda primaria. | 40 | 14 | X | | |
| 2 | PRACTICAMOS DEPORTES | Bloque 1: Estudar dos deportes elaborados polas outras aulas no primeiro trimestre. Bloque 2: Practicar os distintos deportes . Bloque 3: Continuar coas exposicións a toda primaria. | 30 | 11 | | X | |
| 3 | ALIMENTÁMONOS SAUDABLEMENTE | Bloque 1: Estudar os alimentos saudables. Bloque 2:Elaboración de receitas saudables . Bloque 3: Exposición dun libro coas receitas elaboradas. | 30 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1 | ESTUDAMOS DEPORTES | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia do deporte e a práctica do mesmo. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 2 | PRACTICAMOS DEPORTES | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia do deporte e práctica do mesmo. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir na práctica do deporte. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar o proxecto aos demais cursos de primaria. | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos na elaboración e presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 3 | ALIMENTÁMONOS SAUDABLEMENTE | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da alimentación e coñecer os tipos de alimentos. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Relacionamos a área de Proxecto Competencial co Proxecto Documental Integrado que nace dende a biblioteca do centro. Este curso, o nome desde PDI é "EN XOGO!", un traballo de todo o centro que terá como tema central o deporte. Ao longo de todo o curso levarase a cabo o tres proxectos, un por trimestre:

- Estudamos deportes.
- Practicamos deportes.
- Alimentación saudablemente.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. En cada trimestre, cada trimestre traballaremos os mesmos proxectos cada alumnado de primaria. Taballaremos do seguinte xeito:

FASE 1:

Explícase a finalidade do proxecto: pescudar información sobre o tema que traballamos nese trimestre.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, saídas se son precisas, recursos e materiais que se van empregar.

FASE 2:

Búsqueda de información ou estudo do deporte a traballar e a alimentación nese trimestre. Elaboración da presentación, estudo e práctica dos deportes traballados nos distintos niveis e elaboración dun libro con distintas receitas.

FASE 3:

O alumnado presentará por grupos, o seu produto final. Unha obra realizada por eles ou unha presentación dixital ou adiovisual.

Expoñerán toda a información atopada e as súas obras.

Como traballamos conxuntamente todos os niveis de Primaria, decidimos realizar a presentación cada dous niveis por trimestre. Empezaremos quinto e sexto de primaria no primeiro trimestre, seguirá terceiro e cuarto no Segundo Trimestre e rematarán no Terceiro trimestre o alumnado de primeiro e segundo.

O proxecto poderá ser difundido no resto do centro colaborando coa Biblioteca, que E N XOGO! son os que levan máis directamente a coordinación do Proxecto Documental Integrado:

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Naturais (Os alimentos e a alimentación saudable...)
- Matemáticas (Uso das medidas de tempo, cálculo de puntuacións, ...)
- **Ciencias sociais (Historia, xeografía...)**
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto) - Educación Artística

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais deportivos. |
| Pizarra dixital. |
| Ordenador da clase. |
| Ordenadores da biblioteca e material bibliográfico para buscar información. |
| Pizarra dixital. |
| Powerpoint / Canva / Genially |
| Cartolinas, folios, cores, tesoiras... |

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre o traballo en proxectos.

Para obter dita información, empregaranse distintos tipos de instrumentos de recollida de información: traballos individuais e/ou grupais, observación...

A través desta recollida de información observarase a súa capacidade de traballo individual, o grao de autonomía e dependencia do adulto, o nivel de atención e concentración, a capacidade de esforzo, os niveis de aceptación en grupos de traballo e a necesidades de reforzos educativos.

Asimesmo, tendo en conta todo o anterior, poderase adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 40 | 30 | 30 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- Observación directa da implicación do alumno/a a nivel individual e grupal..
- Entrega resultado final da súa obra e elaboración de material dixital ou físico onde se recolla a información buscada.
- Presentación e exposición do proxecto. Dossier informativo e presentación dixital.- Avaliación por parte do alumno/a do seu traballo a nivel individual e no grupo.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse a observación directa e os aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza ...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das

avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto. A nota calcularase en función de distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, entendemos como as medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinadas a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Dentro destas, poderemos usar algunhas medidas ordinarias de atención á diversidade. Estas refírense a todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

As medidas ordinarias de atención á diversidade que poderemos usar para adaptar a programación ás necesidades e ritmos do noso alumnado serían: adecuacións da xestión de aula e horarias; adecuacións das programacións didácticas (reforzo e ampliación); utilización de metodoloxías que promoven a inclusión (cooperativo ou DUA); adaptación de tempos e instrumentos de avaliación; reforzo educativo de profesorado con dispoñibilidade horaria; programas de enriquecemento curricular; programas de reforzo, recuperación ou específicos personalizados.

Informaremos ao Departamento de Orientación das necesidades detectadas para a súa posible valoración e decisión doutras medidas de atención á diversidade, se se considerasen necesarias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---------------------------------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.5 - Creatividade e espírito crítico | X | X | X |
| ET.6 - Espresión oral | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz, resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que serán abordados ao longo de todas elas. O traballo en proxectos serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos xunto cos propios da área

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|--|----------|----------|----------|
| Saída 1º trimestre | Intentaremos traer un deportista da zona, na medida do posible, para que de unha charla. | X | | |
| Saída 2º trimestre | Iremos a ver unha competición deportiva. | | X | |
| Saída 3º trimestre | Intentaremos traer ao colexio un ponente relacionado coa nutrición e o deporte. | | | X |

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

Isto débese a que as actividades complementarias se realizan en horario lectivo e teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que se utilizan, polo que buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Adáptanse as probas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades? |
| Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente? |

Descrición:

Tal e como se recolle no Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, non só se deben avaliar as aprendizaxes logradas polo alumnado, senón que tamén se deben avaliar os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, polo que é necesario establecer indicadores de logro nas programacións didácticas para avaliar os mencionados procesos de ensino e a práctica docente.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, polo tanto, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios adecuados no momento oportuno. É por iso, que a temporalidade desta avaliación debe ser continua.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Ademais, ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, coa finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

9. Outros apartados